



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE FENE PARA DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS DE OS BUIOS, O REDONDO, O FEAL, LUBIÁN E O PIÑEIRO

Promotor: Concello de Fene
Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
Expediente: 2021AAE2521

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello de Fene foi aprobado polo pleno municipal o 23.01.2003 ao abeiro da Lei 1/1997 do solo de Galicia.
2. O día 08.01.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático recibiu un escrito do Concello de Fene no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM – Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro". Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
3. O 08.01.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de dous meses, formularan as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia establece, entre outras cuestións, determinacións para a racionalización dos procedementos de avaliación ambiental.
3. Segundo o artigo 83.6 da LSG, as modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramitaranse seguindo o procedemento de aprobación das delimitacións do solo de núcleo rural establecido no artigo 78 desta lei.
4. As delimitacións do solo de núcleo rural deben someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada ao abeiro do disposto no artigo 78.4 da LSG. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses.

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.





CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características da modificación

Obxecto: esta modificación puntual do PXOM ten por obxecto delimitar os núcleos rurais de Os Buios (MG-01), O Redondo (MG-02), O Feal (MG-03), Lubián (SI-08) e O Piñeiro (MN-06) para outorgarlles un tratamento urbanístico adecuado, que respecte a estrutura e as características ambientais destes enclaves.

Ámbito de actuación: de acordo co Plan básico autonómico (PBA), a modificación proposta afecta a 11 entidades de poboación; O Basante, Cadavás, As Queiras, A Torre, Os Buios, A Xunqueira, O Pedrón, O Redondo, O Feal (todos eles na parroquia de Magalofes), Lubián (parroquia de Silobre) e O Piñeiro (parroquia de Maniños).

Segundo o PXOM vixente de 2003, os terreos do Feal, Lubián e O Piñeiro están clasificados como solo rústico apto para urbanizar (solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da LSG) e os demais como solo urbano consolidado.

Proposta: cada núcleo rural delimitado inclúe unha parte tradicional e outra común. Segundo se indica na documentación achegada, o solo de núcleo rural tradicional se corresponde cos asentamentos fundacionais de vivendas tradicionais e o solo de núcleo rural común abrangue os crecementos periféricos de zonas de nova agrupación. A superficie total de solo de núcleo rural delimitado é de 52,98 hectáreas.

A modificación proposta tamén categoriza o solo rústico próximo aos núcleos como rústico de protección de augas, de protección de infraestruturas e de protección ordinaria; e reclasifica como solo rústico algúns terreos de solo urbano consolidado.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello de Fene localízase no litoral da provincia da Coruña, na comarca de Ferrol. Os núcleos que se pretende delimitar atópanse na zona interior do concello de Fene, nunha contorna de suaves pendentes caracterizada pola presenza do polígono empresarial de Vilar do Colo e o paso das vías de alta capacidade AP-9 e VG-1.2 Ares-Mugardos.

Os asentamentos emprázanse nunha paisaxe de mosaico agroforestal, con parcelas adicadas a pastos mesturadas con frondosas autóctonas e plantacións forestais (principalmente piñeiros e eucaliptos).

Os núcleos dos Buios, O Redondo e O Feal forman unha trama continua edificada que se desenvolve ao longo de dúas vías e que se vai adaptando ao relevo condicionado polo río Magalofes. O núcleo dos Buios, ao estar situado nunha planicie que descende suavemente cara o trazado da AP-9, está máis exposto dende o punto de vista paisaxístico. O núcleo delimitado do Piñeiro linda coa traza da VG-1.2.

Segundo a información dos últimos mapas estratéxicos de ruído elaborados polo Ministerio para a autoestrada AP-9, os núcleos rurais delimitados non están afectados pola contaminación acústica que xera o tráfico que discorre pola dita vía. Non hai mapas de ruído para a VG-1.2, mais en todo caso as parcelas do núcleo do Piñeiro lindas con esta infraestruturas xa están edificadas.

As delimitacións propostas non afectan a espazos naturais protexidos incluídos na Rede Natura 2000 nin na Rede galega de espazos protexidos. O miradoiro Coto do Rei atópase a 1,8 km ao norte do núcleo de Lubián. As delimitacións propostas afectan parcialmente á zona de policía dos ríos Magalofes (Buios e O Redondo) e Baa (Piñeiros) e dun afluente innominado do rego do Xarrón (Lubián).





Todos os núcleos emprázanse na área de ordenación do Plan de ordenación do litoral (POL), sen incidencia na imaxe do bordo litoral pero con pequenas afeccións a corredores ecolóxicos. No extremo noroeste de Lubián (SI-08) pouco máis de 1000 m² de terreos están afectados polo corredor dun rego innominado de escasa entidade, se ben parte das parcelas xa están edificadas e non albergan hábitats de especial interese. O núcleo do Piñeiro delimitado (MN-06) está atravesado por un treito do río Baa incluído tamén nun corredor ecolóxico do POL, aínda que nesta zona xa foi alterado en boa medida pola construción de viarios (CP-3501 e rúa Forno) e a edificación de parcelas lindoiras co curso fluvial.



Lubián (SI-08)



O Piñeiro (MN-06)

Na memoria informativa do borrador faise un estudo do patrimonio cultural existente no ámbito e propónse un “precatálogo” (sen carácter definitivo) con un (1) elemento arqueolóxico, oito (8) elementos arquitectónicos e catro (4) bens etnográficos. Os elementos do novo Catálogo proposto identifícanse no plano de ordenación P.O.01- *Ordenación sobre parcelaria catastral*, pero sen delimitar ningún contorno de protección.

Todos os núcleos delimitados contan con servizo de saneamento, rede eléctrica, telefonía e recollida de residuos. Tan só existe abastecemento municipal no núcleo do Piñeiro, pois -segundo a documentación- as diferenzas de cota existentes dificultan a prestación deste servizo.

3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador do plan máis o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consualos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

Todas as cuestións formuladas deberán ser consideradas polo promotor na elaboración e tramitación do planeamento, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:





Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Sinala que na parte oeste do núcleo de Lubián semella producirse unha delimitación forzada, que engloba parcelas alleas ao núcleo.

Manifesta que as delimitacións dos núcleos basicamente resultan compatibles cos criterios do POL, se ben no núcleo do Piñeiro o corredor ecolóxico debe quedar preservado da edificación e suxire que en Lubián non se dirixa o crecemento do núcleo cara o corredor que discorre polo oeste.

Instituto de Estudos do Territorio

Informa que a delimitación proposta dos Buios e O Redondo ven a mellorar a ordenación do PXOM de 2003 pois adáptase mellor á realidade edificada e deixa fóra da delimitación as parcelas de natureza rústica da coroa dos núcleos; o cal redundará nunha mellora paisaxística deste ámbito.

As delimitacións propostas para os núcleos de Feal, Lubián e Piñeiro non presentan, en xeral, unha forte incidencia paisaxística, xa que os perímetros axústanse en boa medida á realidade edificada. Non entanto, os terreos situados no extremo noroeste de Lubián están desvinculados do núcleo tradicional, dando lugar a formas forzadas que desvirtúan a morfoloxía do núcleo (directrices de paisaxe DX.09.b e DX.09.c).

Conclúe que a delimitación dos núcleos non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deberá terse en conta o seguinte para mellorar a integración paisaxística das actuacións:

- Co obxecto de conservar a morfoloxía tradicional do núcleo de Lubián debería excluírse da delimitación proposta as parcelas localizadas no extremo noroeste, evitando así as formas forzadas que derivan da inclusión de edificacións que non gardan unha relación funcional co núcleo preservando as bolsas de solo agrario, de acordo coas directrices de paisaxe D.X.09.b e D.X.09.c.
- Tal como esixe a directriz de paisaxe D.X.09.e, na normativa reguladora das condicións de edificación deberán coidarse a posición, inserción topográfica, tipoloxía, tamaño e proporcións das edificacións.
- Na normativa terase en conta a Guía de cor e materiais e a Guía de boas prácticas para intervención en núcleos rurais, como xa recolle o documento ambiental.

Dirección Xeral Patrimonio Cultural

Sinala que, de acordo coa determinación 9.3 das *Directrices de ordenación do territorio* (DOT), deberá realizarse unha prospección da totalidade do ámbito para identificar todos os bens posuidores de valores que os fagan merecedores de incorporar ao Catálogo do instrumento de planeamento.

O contido do Catálogo axustarase á normativa vixente. A delimitación dos bens protexidos e dos seus contornos de protección quedará recollida con precisión tanto nos planos de ordenación como na planimetría das fichas. Estes contornos delimitaranse de forma expresa e específica, en relación coa implantación concreta do ben no territorio e as súas relacións ambientais co fin de determinar a extensión do ámbito no que rexerán os criterios de intervención.

Os planos deberán manter as aliñacións orixinais dos núcleos tradicionais para avaliar o impacto dos seus cambios sobre a estrutura tradicional. Recomenda manter nestes núcleos as aliñacións existentes e os elementos que as configuran (edificacións tradicionais, muros e valos tradicionais ou outros elementos de interese etnolóxico como hórreos, muíños, canles, fontes, cómaros, noiros, arboredo autóctono, especialmente as ringleiras de árbores que dean a camiños ou que separen fincas, etc...). Sinala que ningún ben do patrimonio cultural poderá quedar fóra de ordenación.

A normativa da modificación debe incluír un apartado específico coa lexislación de patrimonio cultural. Elaborarase unha ordenanza específica orientada á conservación do tecido tradicional con





determinacións que atendan ás características propias de cada núcleo co fin de que as intervencións no tecido tradicional sexan respectuosas e que as futuras intervencións acaden unha integración axeitada. Para os rúeiros, de acordo co borrador incluírase tamén unha ordenanza específica que incida no mantemento da estrutura tradicional, os elementos que a configuran (muros, valados, cortiñas, eiras....) e as vivendas tradicionais.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación puntual do PXOM preténdese delimitar e establecer a ordenación detallada de cinco núcleos rurais no concello de Fene.

A modificación puntual non establece un marco para a futura autorización de proxectos sometidos a avaliación ambiental.

En xeral, a proposta non terá efectos significativos no relativo á ocupación do solo na medida en que se propón recoñecer e ordenar unha realidade edificada xa existente. Non obstante, a delimitación de Lubián (SI-08) inclúe no extremo noroeste parcelas desvinculadas do núcleo, o cal pode provocar efectos ambientais e paisaxísticos negativos ao desvirtuar a morfoloxía do núcleo e permitir o seu crecemento cara un corredor ecolóxico do POL.

O núcleo do Piñeiro (MN-06) está atravesado polo curso do río Baa, estando incluído este tramo noutro corredor ecolóxico do POL. En calquera curso fluvial resulta de aplicación a lexislación de augas, debendo respectar a súa zona de servidume e as limitacións de usos nesta zona. Asemade, con carácter xeral os corredores ecolóxicos deben quedar preservados da edificación.

Salvo o indicado para os corredores ecolóxicos, as delimitacións dos núcleos resultan basicamente compatibles cos criterios do POL.

No borrador achégase unha análise dos elementos culturais que deben ser obxecto de protección mediante a súa catalogación, porén, para dar axeitado cumprimento á lexislación vixente en materia de patrimonio cultural cómpre estudar con máis detalle os valores existentes e completar as medidas necesarias para asegurar a súa protección.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da modificación puntual do PXOM, se ben, atendendo ao comentado nos parágrafos anteriores, o planeamento deberá integrar as determinacións ambientais que se concretan de seguido.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM – Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro”, no concello de Fene, posto que non se prevén efectos significativos sobre o medio ambiente.

No entanto, para favorecer a integridade ambiental da proposta, establécense as seguintes **determinacións**:

- A delimitación proposta no borrador para o núcleo de Lubián (SI-08) inclúe no extremo noroeste parcelas desvinculadas do núcleo, o cal pode desvirtuar a morfoloxía orixinaria do núcleo e dar lugar a efectos paisaxísticos negativos, ao tempo que posibilita o crecemento do núcleo cara un corredor ecolóxico do POL que discorre polo seu límite oeste. Evitarase a delimitación forzada do núcleo que deriva da inclusión de edificacións que non gardan unha relación funcional con el (directriz de paisaxe DX.09.b) e evitarase tamén dirixir o crecemento do núcleo cara o corredor (artigo 38 do POL).





- Adoptaranse as medidas necesarias para que no núcleo do Piñeiro o corredor ecolóxico quede preservado da ocupación pola edificación (artigo 38 do POL).
- Na normativa reguladora das condicións de edificación deberán coidarse a posición, inserción topográfica, tipoloxía, tamaño e proporcións das edificacións (directriz de paisaxe D.X.09.e). Terase en conta a *Guía de cor e materiais* e a *Guía de boas prácticas para intervención en núcleos rurais*, como xa recolle o documento ambiental.
- Darase cumprimento ás medidas expostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no seu informe para asegurar a salvagarda e protección do patrimonio cultural. Entre outras medidas, deberá realizarse unha prospección da totalidade do ámbito para identificar todos os bens merecedores de incorporar ao Catálogo do instrumento de planeamento, a delimitación dos bens protexidos e dos seus contornos de protección quedarán recollidos con precisión tanto nos planos de ordenación como na planimetría das fichas e elaborárase unha ordenanza específica orientada á conservación do tecido tradicional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental e Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM – Delimitación dos núcleos rurais de Os Buios, O Redondo, O Feal, Lubián e O Piñeiro”, no concello de Fene. Non obstante, para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integranse no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitárase ao Concello de Fene xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación puntual no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado de seis anos.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación puntual.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

